



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Idioma Moderno 4: Portugués		Código	613G03060
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Portugués			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	López-Iglesias Sanmartín, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Profesorado	Gravata Rodrigues Silva Ramos, Ana Isabel López-Iglesias Sanmartín, Roberto	Correo electrónico	ana.gravatarodrigues@udc.es roberto.samartin@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia fornece formación de carácter teórico-práctico na descrición e uso instrumental da lingua portuguesa nas súas modalidades oral e escrita. O alumnado debe consolidar todas as competencias de usuario independente, encadrado no nivel avanzado (B2), de acordo co "Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas".			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
			A8
			A10
			A15
			B1
			B3
			B4
			B5
			B6
			B7
			B8
			C2
			C4

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Relatar accións pasadas, presentes ou futuras. Expressar hipótese (condición irreal)	1.1. Imperfeito do Conxuntivo (I). Orações condicionais com "se"; 1.2. Expressões idiomáticas que evidenciam aspetos asociados à cultura portuguesa
2. Expressar sentimentos, ordem, dúbida etc. Fazer comparacións reais, irrealis e hipotéticas	2.1. Imperfeito do Conxuntivo (II). Orações dubitativas, completivas, conxuncionais e relativas de eventualidade. Orações exclamativas de desejo. Estruturas comparativas 2.2. Hábitos e modos de vida da juventude. Profissões inovadoras
3. Expressar accións eventuais no futuro. Exprimir hipótese (condición real)	3.1. Futuro do Conxuntivo (I). Orações condicionais com Imperfeito do Conxuntivo ou Futuro do Conxuntivo 3.2. Aspetos ligados ao traballo em Portugal e na União Europeia



4. Expressar idea de futuro. Exprimir condición total	4.1. Futuro do Conxuntivo (II). Orações temporais e concessivas. Conjugação pronominal mesoclítica 4.2. Turismo ecológico
5. Relatar fatos formais e informais. Enfatizar o discurso.	5.1. Infinitivo Pessoal Simple e Composto. Orações subordinadas adverbiais. Topicalización. Conxunções e locuções conxuncionais causais. Discurso directo e indirecto 5.2. Aspectos ligados à realidade dos países de língua portuguesa

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	0	11	11
Obradoiro	8	10	18
Presentación oral	1	0	1
Proba obxectiva	3	0	3
Prácticas a través de TIC	0	10	10
Resumo	0	10	10
Sesión maxistral	10	10	20
Traballos tutelados	0	20	20
Discusión dirixida	6.5	10	16.5
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Considérase ?lectura? calquera tipo de material (textos de manuais, xornais, revistas, foros de internet etc.) que o/a alumno/a terá que coñecer para a realización de certas actividades de maneira presencial ou non presencial.
Obradoiro	Os obradoiros son aulas centradas no desenvolvemento de prácticas de comprensión lectora e de produción escrita (resolución de exercicios, corrección e elaboración de textos).
Presentación oral	Neste tipo de proba avalíase a competencia comunicativa do/da estudante mediante unha pequena entrevista ou conversa co/coa profesor/a, en que talvez deba improvisar determinadas situacións. Na proba oral poderán empregarse textos, deseños ou materiais audiovisuais como apoio.
Proba obxectiva	A proba escrita permite avaliar coñecementos, capacidades, habilidades etc. en destrezas como a comprensión e a produción escritas. Pode combinar preguntas de resposta múltipla, de resposta breve, de ordenación, de asociación, de discriminación?
Prácticas a través de TIC	O/a alumno/a deberá facer uso das novas tecnoloxías para preparar actividades propostas nas aulas.
Resumo	Realizaranse con frecuencia sínteses dos principais contidos fixados no programa, a fin de facilitar a súa comprensión.
Sesión maxistral	As sesións maxistras consistirán en exposicións orais de carácter fundamentalmente teórico á volta dos contidos básicos da materia. Nestas aulas utilizaranse diversos textos seleccionados especificamente para a análise e a comprensión dos contidos; resolveranse as dúbidas a respecto dos temas propostos e facilitarase bibliografía específica. Nestas sesións guiarase o alumnado no proceso de aprendizaxe e mostraranse recursos que faciliten o desenvolvemento do traballo autónomo.
Traballos tutelados	Baixo a coordinación do/da docente, os/as estudantes levarán a cabo diversas actividades (corrección e/ou elaboración de textos), ben de maneira individual ben organizados en pequenos grupos, a fin de partillaren información, coñecementos e habilidades.
Discusión dirixida	Entendemos por ?discusión dirixida? aquela actividade desenvolvida polo alumnado en grupos pequenos en que se porá en práctica a expresión e a comprensión orais en lingua portuguesa. Debateranse diversos temas baixo a supervisión do/da docente. Nestas sesións prestarase unha especial atención á participación activa do estudantado.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Para a realización dos traballos tutelados, é fundamental que o/a alumno/a informe periodicamente tanto dos seus progresos como das súas dificultades co obxectivo de atinxir unha orientación adecuada. Alén diso, o/a estudante poderá realizar todo tipo de consultas a respecto de desenvolvemento dos traballos, quer no horario de atendimento quer por medio do correo electrónico.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	As intervencións orais do/da estudante durante as discusións dirixidas (conversa) corresponderanse cun 10% da nota final.	25
Presentación oral	Os/as alumnos/as terán que realizar unha proba oral, orientada á demostración da súa competencia comunicativa en lingua portuguesa.	10
Proba obxectiva	Ao final do cuadrimestre, o estudantado deberá realizar unha proba obxectiva de comprensión oral e escrita e de produción escrita (exercicios, elaboración de textos breves), en que se avaliarán os coñecementos adquiridos tanto nas sesións maxistras como nos grupos intermedios e pequenos.	50
Traballos tutelados	Os traballos individuais e grupais (tanto presenciais como non presenciais) encomendados polo profesorado ao longo do curso suporán un 30% da nota final. Valorarase especialmente a aprendizaxe colaborativa.	15

Observacións avaliación

<p>Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final de actividades e traballos se estes foren entregados fóra de prazo sen causa xustificada.</p> <p>Os/as estudantes que non superaren a materia ou que non cumpriren co 50% das actividades obrigatorias exixidas ao longo do cuadrimestre deberán realizar na convocatoria de xullo unha proba de carácter oral e escrito.</p> <p>Considerarase non presentado na materia quen non realizar a proba escrita e/ou quen non entregar as catro actividades obrigatorias propostas polo docente.</p> <p>O estudantado a tempo parcial e con dispensa académica entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente co/coa profesor/a.</p> <p>Para superar a materia, a cualificación mínima da proba obxectiva deberá ser de 4 puntos sobre 10.</p>

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma Moderno 3: Portugués/613G03057

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Idioma Moderno 2: Portugués/613G03054

Materias que continúan o temario



Idioma Moderno: Portugués/613G03051

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías